



PLAN DE CONVIVENCIA

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE

(Aprobado: Claustro 09/03/2017)

ÍNDICE

1- XUSTIFICACIÓN.....	3
2- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO.....	3
3-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS XERAIS.....	4
4- ACTUACIÓNS QUE SE DEBEN DESENVOLVER.....	6
5- NORMAS.....	9
5.1- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE....	9
5.2- CONDUCTAS GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	11
5.3- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	12
5.4 - PROCEDEMENTO NORMATIVO PARA A CORRECCIÓN DE CONDUTAS GRAVAMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR.....	14
6- ESTRATEXIAS PARA A PREVENCIÓN E XESTIÓN DOS CONFLITOS.....	17
6.1- PROTOCOLO DE MEDIACIÓN ESCOLAR.....	17
6.2- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.....	22
6.3- PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.....	24
6.4- PROTOCOLO DE ABSENTISMO.....	26
6.5- PROGRAMAS DE EDUCACIÓN EMOCIONAL E HABILIDADES SOCIAIS.....	27
6.6- PROTOCOLO DE ACOLLIDA DE NOVO PROFESORADO.....	27
6.7- PROTOCOLO DE ACOLLIDA DE NOVO ALUMNADO E FAMILIAS.....	27
6.8- PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO EXTRANXEIRO E DE INCORPORACIÓN TARDÍA.....	28
6.9- CRITERIOS DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO CON GRAVES ALTERACIÓNS CONDUTUAIS.....	28
7- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	29
8- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO: FAMILIAS, CENTROS ADSCRITOS, CONCELLO,ETC.....	30
9- DIFUSIÓN DO PLAN.....	30
10- SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.....	30

1- XUSTIFICACIÓN

O “Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar” define a convivencia escolar como a capacidade “que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa”.

O Plan de Convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que comprende alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente.

O Plan de Convivencia do IES plurilingüe Rafael Dieste partirá dun diagnóstico inicial que se plasmará nuns obxectivos específicos para mellorar a convivencia no centro, o establecemento dunhas normas básicas de convivencia para o noso centro e instrumentos e mecanismos que colaboren a conseguir ditos obxectivos e a respeitar e facer cumprir ditas normas.

2- ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DO CONTEXTO

O IES “Rafael Dieste” está situado no chamado Distrito V da cidade de A Coruña. Conta con dous centros públicos adscritos de ensino primario: o Colexio Público de Prácticas (A Aneja) e o CPI Plurilingüe de San Pedro de Visma. Tamén esta adscrito o pequeno colegio CPR Cid sito na Ronda de Nelle 143 1º e desde o 2017 o CEIP Rosalía de Castro. O alumnado procede polo tanto das zonas de influencia destes colexios adscritos pero, tradicionalmente, recolleemos alumnado procedente doutras zonas limítrofes. Trátase de barrios dunha acusada heteroxeneidade social. Aínda que, polo xeral, se trata de áreas urbanas nas que predomina unha clase media ou media-baixa, formada por profesionais liberais, funcionariado e pequenos comerciantes e asalariados, outras áreas constitúen preocupantes bolsas sociais con graves problemas económicos. Unha reclamación do centro é compartir con outros centros a adscripción do alumnado procedente do barrio do Portiño como medida que redundaría nunha mellor atención deste alumnado. A isto hai que engadir o alumnado que procede doutros países, en total de casi vinte nacionalidades diferentes. O centro, con data 04/12/2003, foi designado pola Delegación Provincial centro “*de escolarización preferente de alumnado con trastornos motóricos*”. En conclusión, pódese apreciar no alumnado do IES unha elevada heteroxeneidade e diversidade.

Para abordar os temas de convivencia e resolución pacífica de conflitos, o IES Plurilingüe “Rafafel Dieste” conta actualmente, segundo a normativa vixente, coas seguintes figuras básicas de xestión:

- No curso 2014-15 creouse no seno Concello Escolar a Comisión de Convivencia ao abeiro do Decreto 8/2015 de 8 de Xaneiro de 2015.

- Unha Aula de Convivencia inclusiva que funciona dende o curso 2014-15, segundo establece o Decreto 8/2015 de 8 de Xaneiro de 2015.
- Dende o curso 2015-16 coa Dinamización de Convivencia, regulado na Orde de 17 de Xullo de 2007 da Consellería de Educación.
- Tamén existe no organigrama do centro, unha Coordinación para primeiro Ciclo, creada no curso 2011-12, para atender a problemática do alumnado deste nivel.
- Neste senso, engadir que semanalmente ten lugar una reunión entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e Coordinación do primeiro ciclo para tratar a problemática xeral de 1º e 2º da ESO.

Para o estudio da convivencia no IES “Rafael Dieste” recurrimos basicamente a dous instrumentos estadísticos:

- A análise dos resultados das enquisas de opinión que sobre convivencia pasou aos Centros educativos de Galicia a Consellería de Educación. As conclusións das devanditas enquisas para o noso centro se mostran no ANEXO I do presente Plan.
- O estudio das incidencias ou amonestacións acaecidas ao longo do curso 2015-16. Algunhas conclusións básicas se engaden no ANEXO II.

Ambos instrumentos, enquisas de convivencia e estudio das amonestacións, non só permiten unha análise pormenorizada do estado da convivencia no centro nun momento dado, senon tamén establecer estudos diacrónicos comparativos. Asimesmo, as conclusións obtidas sirven de guía para a elaboración do Plan de Convivencia e implementar futuras pautas de actuación e de reflexión.

Respecto do estado das relacións e de participación na vida do centro por parte do profesorado, alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos, podemos considerar esta como aceptables, aínda que sempre con susceptible marxe de mellora.

(ANEXO III- Mapa de influencia de Centros Públicos de Infantil e Primaria)

3-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS XERAIS

OBXECTIVOS XERAIS do Plan de Convivencia (artigo 12 do Decreto 8/2015)	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.	<ul style="list-style-type: none">• 1- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.• 2- Recoller nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da

	convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> • 3- Coñecer as posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente). • 4- Sistematizar as actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro. • 5-Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima convivencia no centro.
3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres	<ul style="list-style-type: none"> • 6-Elaborar na titoría de forma consensuada as Normas de Aula. • 7-Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • 8-Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo. • 9-Potenciar o <u>“Grupo de mediadores escolares”</u>. • 10-Incidir na formación de novos mediadores mediante <u>“Xornadas de formación de mediadores escolares”</u>.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.	<ul style="list-style-type: none"> • 11-Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta. • 12-Mellorar os protocolos de notificación e actuación ante distintas situación contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...). • 13-Aplicación do Protocolo de acoso.
6. Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> • Ver apartado 4.
7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • 14-Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva. • 15-Potenciar desde Orientación a

	adquisición de habilidades sociais en alumnos con problemas de convivencia.
8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.	<ul style="list-style-type: none"> 16-Manter cauces de comunicación coas familias e os seus representantes para recoller as súas aportacións encaminadas a mellorar o clima de convivencia no centro.
9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.	17-Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello (Policía Titor), benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).

4- ACTUACIÓNS QUE SE DEBEN DESENVOLVER.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES
1.	Detectar necesidades, elaborar e difundir un programa inicial de formación en temas de convivencia.	Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación
	Difundir novas sobre recursos sobre convivencia na páxina Web do Centro	Dinamización de Convivencia
2.	Revisar o RRI (futuras NOF) e reflexionar sobre unha distribución máis axeitada de espazos no Centro con propostas de mellora, para a súa posterior aprobación polo Claustro de profesores e presentación ao Consello Escolar.	Comisión de Convivencia Equipo Directivo
	Elaborar as Normas de Organización e Funcionamento (antigo RRI) do Centro para a súa posterior aprobación no Claustro de profesores e presentación ao Consello Escolar.	Claustro Equipo Directivo
3.	Elaborar un diagnóstico sobre convivencia escolar a partir de enquisas de convivencia entre os diferentes sectores da comunidade escolar.	Dinamización de Convivencia
	Desenvolver un diagnóstico sobre convivencia escolar a partir das amonestacións ao alumnado	Comisión de Convivencia
	Revisar e completar os protocolos de actuación sobre aspectos diversos relativos á convivencia escolar.	Comisión de Convivencia Equipo Directivo Departamento de Orientación

4.		Dinamización de Convivencia
	Estudiar e revisar formas distintas de seguimento e de autoavaliación do presente Plan de Convivencia.	Comisión de Convivencia Departamento de Orientación Dinamización de Convivencia
5.	Actualizar os documentos básicos de organización e xestión do Centro (PEC e NOF) co fin de adaptalos a normativa e o presente Plan de Convivencia.	Comisión de Convivencia Equipo Directivo
	Revisar protocolos existentes e priorizar outras figuras de convivencia escolar (alumnado axudante, aula de reflexión, obradoiro de habilidades sociais e emocionais...).	Comisión de Convivencia Equipo Directivo
6.	Difundir e sensibilizar aos distintos sectores da comunidade escolar da conveniencia de Normas de Aula.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Titorías
	Deseñar un protocolo de actuación co fin de promover ou xerar, de xeito consensuado, nas sesión de titoría, unhas Normas de Aula.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Dinamización de Convivencia Titorías
7.	Difundir e promover o valor da solidariedade a través da difusión de recursos axeitados.	Dinamización de Convivencia Vicedirección
	Impulsar o traballo en equipo do alumnado en mediación escolar	Dinamización de Convivencia
8.	Sensibilizar sobre o valor da resolución pacífica de conflitos a través da difusión de diferentes recursos. Elaborar materiais e recursos para o traballo na aula, nas sesión de titoría sobre resolución pacífica de conflitos.	Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación
		Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación
9.	Definir estratexias para difundir no centro as actividades de mediación escolar	Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación
	Participar en encontros con grupos de mediadores doutros centros educativos	Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación

10.	Definir estratexias de selección de novo alumnado mediador.	Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación
	Desenvolver a formación conxunta do alumnado, profesorado, persoal non docente, e as familias, a unhas xornadas formativas a desenvolver preferentemente no primeiro trimestre.	Dinamización de Convivencia Departamento de Orientación
11.	Revisar os distintos protocolos de actuación sobre diversos aspectos relativos á convivencia escolar no presente Plan.	Departamento de Orientación Equipo Directivo
	Establecer un diagnóstico preciso sobre aqueles casos de especial repercusión ou problemática.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Titorías
12.	Elaborar e completar os documentos de actuación dos distintos protocolos sobre aspectos relativos á convivencia escolar recollidos no presente Plan.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Dinamización de Convivencia Comisión de Convivencia
	Analizar e revisar o nivel de coordinación dos distintos actores que interveñen nos diferentes casos e protocolos de actuación, en especial o que se refire aos titores e as familias.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Comisión de Convivencia
13.	Revisar o Protocolo de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Comisión de Convivencia
	Establecer criterios preventivos ou medidas de detección das situacións de acoso escolar.	Departamento de Orientación Equipo Directivo Comisión de Convivencia
14.	Sensibilizar a comunidade educativa na importancia da empatía e da asertividade para a prevención e resolución pacífica de conflitos.	Departamento de Orientación Dinamización de Convivencia
15.	Compilar materiais e recursos de traballo sobre habilidades sociais para a Aula de Convivencia.	Departamento de Orientación
	Revisar as canles de comunicación nos diferentes protocolos deste Plan de Convivencia coas familias	Equipo Directivo

16.	e coas titorías.	Comisión de Convivencia
17.	Elaborar protocolos de colaboración con outras institucións do entorno que contribúan á mellora da convivencia: Policía Titor, fundacións, Secretariado Xitano, etc.	Equipo Directivo Comisión de Convivencia Departamento de Orientación Dinamización de Convivencia

5- NORMAS

Tanto a Lei 4/2011, de 30 de xuño, sobre convivencia e participación da comunidade educativa, que especifica as conductas contrarias as normas convivencia e os dereitos e deberes do alumnado e procedementos de corrección, os dereitos e deberes de nais e pais ou das titoras ou titores, dereitos e deberes do profesorado e do persoal de administración e de servizos; como o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, que desenvolve aspectos da mesma, constitúen a referencia normativa básica para a elaboración do presente Plan de Convivencia.

Pero tamén, o IES Plurilingüe Rafael Dieste foi concretando diversos aspectos da devandita normativa, que se plasman nunhas Normas Básicas de Convivencia. Para a súa elaboración contouse coa participación dos diferentes sectores que forman a comunidade educativa, e deben estar sometidas a constante revisión. As seguintes Normas Básicas de Convivencia serán de obrigado cumprimento, comentadas nas titorías e difundidas a toda a comunidade educativa:

5.1- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA DO IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE.

1. A obrigación principal de todo o alumnado é asistir sempre a clase puntualmente e con todo o material necesario para traballar. Todo o alumnado debe traballar ordenadamente e en silencio en clase, baixo a dirección do profesor. É imprescindible esforzarse no traballo en clase e na casa para tentar acadar os niveis de formación esixidos e aproveitar o posto escolar que a sociedade pon á nosa disposición.

2. É totalmente obrigatorio permanecer na aula durante os períodos lectivos.

3. Débese manter unha orde nos recreos. Están prohibidos todos aqueles xogos que impliquen violencia ou deterioro deliberado das instalacións do centro. Debense usar as papeleiras tanto interiores como exteriores e manter libre de lixo tanto as zonas de traballo como as de lecer. O alumnado da ESO e menor de idade non pode saír do centro nos períodos de lecer.

4. Débense respectar e obedecer ás indicacións de profesores e do persoal non docente.

5. Está prohibido por lei o consumo de tabaco en todo o recinto do centro.

6. Non se debe facer un uso inadecuado de útiles tecnolóxicos nas aulas nin noutros recintos do centro. Protexerase o dereito á imaxe de todo o alumnado e membros da comunidade educativa (profesores e persoal non docente). Os ordenadores e as redes LAN e WIFI do Instituto teñen unha finalidade exclusivamente educativa. Está prohibido o uso e exhibición de móbiles durante as actividades lectivas, con independencia do lugar no que estas se desenvolvan.

7. Debemos respectar o mobiliario e instalacións do centro colaborando no seu mantemento e limpeza, así como as pertenzas dos demais compañeiros/as. Todos/as debemos coidar, respectar e usar correctamente as instalacións de emerxencia pois teñen a función de protexernos a todos.
8. Non se pode exercer violencia física, psicolóxica ou moral sobre ningunha persoa. Non se permitirán condutas intimidatorias ou ameazantes.
9. Débese empregar unha linguaxe adecuada á situación que supón un centro escolar, evitando vulgarismos e berros inapropiados. Os insultos, ameazas, agresións verbais ou físicas, expresión racistas cando se produzan dentro do recinto escolar ou fóra del, se están motivados o relacionados coa vida escolar, poden ser motivo de expediente disciplinario.
10. Debemos tratar con respecto a todos os compañeiros/as e a todos os membros da comunidade educativa.
11. Debese respectar a liberdade de conciencia e de expresión e as conviccións persoais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa, desde o recoñecemento da plurallidade como elemento enriquecedor.
12. Non se discriminará a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento , raza, sexo, ensinanza que curse ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
13. Fomentarase o diálogo entre compañeiros para a resolución de conflitos.
14. Comunicación das incidencias disciplinarias. Toda a comunidade educativa debe responsabilizarse en perseguir e recriminar condutas perxudiciais para a convivencia no centro.

MÓBILES E VESTIMENTA: A *Lei de convivencia* fai especial fincapé en dous aspectos concreto Móviles e Vestimenta, de acordo con ela o noso xa RRI recolle o seguinte:

_ Capítulo XVI. Sobre teléfonos móbiles, MP3/4, ipods...etc: *“Non se poderá acceder ás aulas con teléfonos móbiles, (salvo autorización expresa e puntual dun profesor). Os teléfonos do centro están a disposición do alumnado en todo momento, para os casos de emerxencia que o precisen. Só teñen que acudir á dirección ou conserxería para poñerse en contacto coa súa familia. Tamén a familia do alumnado, pode chamar en calquera momento ao centro para localizar ao seu fillo en caso de necesidade.*

Caso de soar ou uso indebido durante unha clase, o móbil será requisado e depositado nos despachos de dirección, quedando a disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder. Os aparatps MP3/4, ipods consolas... só poden usarse nos períodos de lecer”.

-Capítulo XV: Sobre a vestimenta dos alumnos/as do centro: *“Espérase dos alumnos/as do IES Plurilingüe Rafael Dieste que a súa vestimenta sexa respectuosa coas actividades propias dun*

centro educativo polo que aparte de vir limpos/as e aseados, deberán acudir apropiadamente vestidos.

Algúns exemplos de vestimenta inapropiada son:

- a) Levar viseras, sombreiros, pañoletas, carapuchas..etc, dentro das clases.
- b) Cubrirse a cara con bufandas ou outra prenda dentro das clases
- c) Levar gafas de sol dentro das clases
- d) Levar bañadores como única prenda exterior.
- e) Levar prendas con referencias ou imaxes relativas a sexo, alcohol, tabaco, que inciten á violencia, consumo de estupefacientes, insultos, frases racistas, sexistas, profanatorias ou que traten de ridiculizar ás persoas”.

5.2- CONDUCTAS GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

TIPIFICACIÓN DA FALTA	POSIBLES CORRECCIÓNS APLICABLES*
<p>1. Agresións físicas ou psíquicas graves Inxurias e ofensas graves Ameazas e coaccións graves contra os membros da comunidade educativa. Agresións graves ao medio ambiente ou a outros seres vivos</p> <p>2. Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de - nacemento, -raza, - sexo, - orientación sexual, - capacidade económica / nivel social, - conviccións políticas, morais ou relixiosas, - discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas ou calquera outra condición/circunstancia persoal/social.</p> <p>3. Actos individuais/colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>4. A gravación, manipulación e difusión por calquer medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade escolar.</p> <p>5. As actuacións que constitúan acoso escolar.</p> <p>6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.</p> <p>7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos equipos informáticos, software e aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.</p>	<p>1. Realización en horario non lectivo ou nos recreos, de tarefas que reparen danos causados, de limpeza de espazos ou que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro. Suspensión do dereito a participar na saída anual á neve ou no intercambio lingüístico.</p> <p>3. Cambio de grupo.</p> <p>4. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un periodo de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo da suspensión, a alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para non interrompirla o proceso formativo. Sen perda ao dereito de exames e avaliación.</p> <p>5. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo da suspensión, a alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para non interrompirla o proceso formativo.Sen perda ao dereito de exames e avaliación.</p> <p>6. Cambio de centro.</p> <p>Só se poderán impoñer estas medidas logo da tramitación dun procedemento disciplinario</p>

<p>8. Actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.</p> <p>9. Actuacións gravemente perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.</p> <p>10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos requeridos polo profesorado dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades.</p> <p>11. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de varias conductas leves contrarias á convivencia.</p> <p>12. O incumplimento das sancións impostas.</p> <p>13. Sair do recinto escolar en horario lectivo sen autorización.</p>	
--	--

5.3- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

TIPIFICACIÓN DE FALTA	POSIBLES CORRECCIÓNS APLICABLES* (Poderán ser aplicadas máis de unha simultaneamente)
<p>1. Actos sen alcanzar gravidade como:</p> <p>a) Agresións físicas ou psíquicas Inxurias e ofensas Ameazas e coaccións contra os membros da comunidade educativa. Agresións ao medio ambiente ou a outros seres vivos</p> <p>b) Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de - nacemento, -raza, - sexo, - orientación sexual, - capacidade económica / nivel social, - conviccións políticas, morais ou relixiosas, - discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas ou calquera outra condición/circunstancia persoal/social.</p> <p>c) Actos individuais/colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos.</p> <p>d) Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia leves ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos equipos informáticos, software e aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.</p>	<p>1. Amonestación privada ou por escrito.</p> <p>2. Comparecencia inmediate ante xefatura de estudos/dirección.</p> <p>3. Suspensión de recreo. (?)</p> <p>4. Realización de tarefas específicos en horario lectivo.</p> <p>5. Realización en horario non lectivo ou nos recreos, de tarefas que reparen danos causados, de limpeza de espazos ou que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>6. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro. Suspensión do dereito a participar na saída anual á neve ou no intercambio lingüístico.</p> <p>7. Cambio de grupo por un periodo de ata unha semana.</p> <p>8. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un periodo de ata tres días lectivos. Durante o tempo da suspensión, a alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para non interrompir o proceso formativo.</p> <p>9. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo de ata tres días lectivos. Durante o tempo da suspensión, a alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para non interrompir o proceso formativo.</p>

<p>e) Actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.</p> <p>f) Actuacións perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.</p> <p>g) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.</p> <p>2. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade establecidos.</p> <p>3. Reiterada asistencia sen material ou equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>4. Outras conductas tipificadas nas normas de convivencia do noso centro:</p> <p>a) Actitude pasiva ou negativa no deber básico do estudo non respectando o dereito ao estudo dos compañeiros.</p> <p>b) Non pagar o custo dos danos dos que sexa declarado culpable.</p> <p>c) Uso de teléfonos móbiles ou outros aparatos electrónicos en periodos lectivos.</p>	<p>A imposición destas medidas correctoras levaráas a cabo:</p> <p>- o profesorado do alumnado en cuestión, oído este e enterado a xefatura de estudos para as correccións 1,2,3 e 4.</p> <p>- o titor/a do alumnado en cuestión, oído este e enterado a xefatura de estudos para as correccións 1,2,3,4 e 5.</p> <p>- xefatura de estudos ou dirección, oído o alumnado en cuestión, profesor/a e titor/a para as correccións 1,3,4,5,6 e 7</p> <p>- dirección, oído o alumnado en cuestión, profesor/a ou titor/a para as correccións 8 e 9</p>
--	--

*GRADUACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

Para a graduación das medidas correctoras terase en consideración os seguintes criterios:

1. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conducta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos.
2. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas conductas.
3. A difusión por calquer medio, incluídos electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da súa conducta, das súas imaxes ou da ofensa.
4. A natureza dos prexuízos causados.
5. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conducta, se se trata dun alumno/a, por razón de idade, recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

5.4 - PROCEDIMENTO NORMATIVO PARA A CORRECCIÓN DE CONDUTAS GRAVAMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR

A Lei/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a mencionada lei, contemplan dous procedementos a seguir para a corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia escolar:

- O procedemento común (un instructor analiza e valora as condutas e propón as sancións

- correspondentes)
- O procedemento conciliado (as partes en conflito teñen un tempo de interacción para analizar o problema e procurar chegar a acordos de solucións)

CARACTERÍSTICAS DO PROCEDEMENTO COMÚN

Un instructor leva o peso do procedemento:

- Practicará as dilixencias que estime pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- Propoñerá as medidas provisionais que considere oportunas.
- Propoñerá as medidas correctoras definitivas que lle parezan adecuadas.

CARACTERÍSTICAS DO PROCEDEMENTO CONCILIADO

Un instructor xestiona o procedemento pero establece unha interacción entre as partes implicadas (responsables da conduta e persoas agraviadas), para explicarse, reflexionar sobre o acontecido e chegar a un acordo de solución do problema. Pode contar ou non con mediadores.

Os seus obxectivos son:

- Favorecer a implicación e o compromiso do alumno corrixido e da súa familia.
- Ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada.
- Axudar a consensuar as medidas correctoras.
- Facilitar a inmediatez da corrección educativa.

Os requisitos para poder aplicarse son:

- Que o alumno/a responsable reconeza a gravidade da súa conduta, estea disposta a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao devandito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- Cando a persoa agraviada, ou os seus pais se fose menor, non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando a alumna ou alumno autor da conduta, ou os seus pais se fose menor, non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- Cando xa se fixera uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou alumno, para corrixir unha conduta similar.

PASOS A SEGUIR NO PROCESO DA ACTUACIÓN PARA CORRIXIR CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR

O proceso para corrixir condutas gravemente perxudiciais para a convivencia seguirá os pasos que se recollen nos seguintes apartados:

- Parte común para os dous procedementos de corrección
- Parte en función do procedemento:
 - Ou conciliado
 - Ou común

PARTE COMÚN PARA OS DOUS PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN

FASES	PRAZOS
<p>1. Documento de constatación dos feitos: o profesorado elaborará este documento que, agás que haxa probas en contra, terá presunción de veracidade. Deberá conter os seguintes datos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lugar, data e hora da conduta que motiva o procedemento corrector. • Descrición da acción ou omisión. • Norma que se estima infrinxida. • Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do alumno implicado e, se fose menor, dos seus pais. • Identificación das persoas que fosen testemuñas da conduta ou que poidan achegar datos de interese. • Identificación e sinatura do profesor/a que elabora o documento. 	<p>Cando se produza a conduta gravemente contraria ás normas de convivencia.</p>
<p>2. Periodo de información previa: Coñecidos os feitos abrirase un periodo de información previa. Contarase coa colaboración do orientador e do titor/a do alumno implicado a fin de coñecer as circunstancias concretas nas que se produciron os feitos e facer unha valoración dos mesmos tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias familiares e persoais ou sociais do alumno e os seus antecedentes en relación á convivencia escolar.</p>	
<p>3. Medidas correctoras provisionais: Como inicio do procedemento, poderase adoptar medidas correctoras provisionais (cambio temporal de grupo, suspensión da asistencia a clases, a actividades ou ao centro, por un periodo non superior a tres días lectivos) Esta medida poderá adoptarse en calquera momento do proceso.</p>	<p>2 días dende o suceso da conduta.</p>
<p>4. Decisión, por parte da dirección do centro, sobre o tipo de procedemento de corrección máis axeitado.conciliado ou común. Para propoñer o procedemento conciliado deberá observar que se cumpran os requisitos e contar coa conformidade das persoas agraviadas, ou dos seus pais se estas fosen menores.</p>	
<p>5. Nomeamento de instructor. A dirección nomeará un docente do centro que actuará como instructor de acordo co criterio establecido no centro.</p>	
<p>6. Notificación por escrito ao alumno, ou aos seus pais se aquel fose menor, da incoación do procedemento, indicando a conduta que o motiva, o nome do profesor que actuará como instructor e os posibles procedementos de corrección aplicables(conciliado ou común), informándoos das súas peculiaridades e tendo en conta que sempre que sexa posible procurárase aplicar o procedemento conciliado. De ser posibles os dous procedementos poderán elixir. De non ser posible o conciliado iniciarase o procedemento común. Notificación a inspección da incoación do procedemento.</p>	<p>3 días, dende o suceso da conduta.</p>

7. o alumno ou, de ser menor, os seus pais, comunicaranlle á dirección, por escrito, se aceptan ou non o procedemento conciliado . No caso de non recibirse resposta aplicarase o procedemento común.	1 día dende que se lle notifica
--	---------------------------------

A partir de aquí seguiranse distintos camiños segundo o procedemento aplicado(conciliado ou común)

PARTE ESPECÍFICA DO PROCEDEMENTO CONCILIADO

FASES	PRAZOS
8. Convocatoria, por parte da dirección, a unha reunión entre o instructor e as persoas afectadas na conduta a corrixir.	
9. Desenvolvemento da reunión de conciliación: <ul style="list-style-type: none"> • O instructor recordaralle aos afectados que están nun procedemento conciliado ao que chegan voluntariamente e que deberán acatar o acordo ao que se chegue. • O instructor expoñerá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, que poderán manifestar as súas opinións e realizar as consideracións que consideren oportunas, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. • Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis axeitada e se procede as medidas educativas reparadoras pertinentes. • Nesta fase poderá participar un mediador , sempre que estea regulado e activado no centro dito servicio. • Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno autor da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menores, dos seus proxenitores ou representantes legais. • O acordo consensuado polas partes será ratificado polo director do centro. 	1 día dende o remate do prazo para elixir opción
10. Notificación ao alumno, ou aos seus pais se fose menor, da resolución do procedemento, por escrito, así coma á Inspección Educativa.	12 días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos

PARTE ESPECÍFICA DO PROCEDEMENTO COMÚN

FASES	PRAZOS
8. A persoa instructora practica as dilixencias que estime pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade, ata rematar a súa instrución.	5 días lectivos dende a súa designación

No expediente deberá precisar: Tipo de conduta do alumno, feitos probados, circunstancias concorrentes, grao de responsabilidade, e en función de todo o avaliado, a corrección que corresponde.	
9. A persoa instructora formulará proposta de resolución e citará ao alumno, e aos seus pais se fose menor, a unha comparecencia no centro . 10. Nesa comparecencia o alumno e os seus pais poderán acceder a todo o actuado e facer alegacións. Levantarase acta.	Nos 3 días seguintes á citación.
11. Resolución: Á vista da proposta do instructor, o director do centro dixerá a resolución escrita do procedemento de corrección, que recollerá. <ul style="list-style-type: none"> • Feitos probados. • De ser o caso, circunstancias que reducen ou acentúan a responsabilidade. • Medidas correctoras que se vaian aplicar. • Posibilidade de solicitar ante o Consello escolar, no prazo de dous días lectivos, a revisión da medida correctora imposta. 	
12. Notificación , por parte da dirección, aos pais do alumno implicado e a inspección educativa da resolución do procedemento .	1 día a partir da recepción da proposta. 12 días lectivos dende o inicio do procedemento.
13. Solicitude de revisión da resolución por parte do Consello escolar, a presentar polo alumno ou os seus pais.	10 días lectivos a partir da notificación da resolución.
14. Execución das medidas de corrección: as correccións que se imponían por este procedemento serán inmediatamente executivas.	
15. Compromisos educativos e suspensión das medidas correctivas: as medidas correctoras impostas nos casos de condutas contrarias ás normas de convivencia poderán ser suspendidas a cambio dun compromiso debidamente formalizado co alumno e/ou os seus pais ou titores. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas. No documento de compromiso figurará: <ul style="list-style-type: none"> • A que se compromete o alumno ou os seus pais. • As actuacións de formación, prevención, modificación de conduta. • Mecanismos de comunicación e coordinación co centro. 	

6- ESTRATEXIAS PARA A PREVENCIÓN E XESTIÓN DOS CONFLITOS.

6.1- PROTOCOLO DE MEDIACIÓN ESCOLAR

Parece un feito indudable que, nos derradeiros cursos académicos, os problemas de

convivencia estanse a incrementar nos centros escolares, e que os/as alumnos/as recorren, as veces, ffacilmente a agresión verbais, incluso ffsicas, diante de situacións que poderían resolverse, de xeito alternativo, mediante o diállogo. Deste xeito, coidamos necesario desenvolver estratexias positivas, favorables a unha cultura de entendemento e desenvolver os mecanismos e protocolos de actuación necesarios. Xa no Decreto 8/2015 de 8 de Xaneiro, no art. 26, salientase a mediación escolar como unha das estratexias de intervención imparcial para a resolución pacífica de conflitos nos que unha terceira persoa, no que os mediadores e mediadoras, axudan ás partes implicadas a acadar un acordo satisfactorio.

I. A MEDIACIÓN ESCOLAR:

Entendemos por mediación unha forma ou estratexia amistosa e voluntaria de resolución de conflitos. Ofrece unha oportunidade ao dialogo ás persoas que manteñen un conflito, co fin de falar e escoitarse mutuamente, diante de persoas neutrais, os mediadores/as. Deste xeito, as persoas en conflito poden resolver as súas diferenzas, seguindo as pautas de actuación dos mediadores, co fin de acadar un acordo voluntario e positivo, sen que ningunha delas perda. A mediación escolar se presenta como un proceso de resolución de conflitos entre iguais, no que o alumnado é capaz de resolver os problemas de convivencia doutros compañeiros/as. Constitúe unha posta decidida pola resolución pacífica dos conflito e unha oportunidade positiva de aprendizaxe.

II. CUALIDADES PARA SER MEDIADOR/A:

Pode ser mediador/a calquer persoa da comunidade educativa que voluntariamente o decida, aínda que o presente protocolo preferentemente se centra no alumnado. Para a súa formación como mediadores resulta indispensable a asistencia aos cursos formativos, que se convoquen ao inicio de cada cada curso no IES. Entre as cualidades que deben reunir os/as mediadores/as salientamos:

- 1) **Ter disposición** para solucionar conflitos (solidariedade).
- 2) Capacidade para **escoita activa**.
- 3) **Empatía**.
- 4) **Inspirar confianza** e ser **neutral**.
- 5) **Non debe arbitrar** nin xulgar.
- 6) Debe amosar unha **absoluta e total discreción**: *a mediación é esencialmente un proceso confidencial*.

Deben favorecer que entre as partes en conflito se estableza un clima de:

- **DIÁLOGO** e a **COMUNICACIÓN**: escoita activa...
- **ENTENDEMENTO**: remuíño de ideas, creatividade, empatía...
- **COMPROMISO**: asistencia as sesións, cumprimento dos acordos...

O incumprimento do derradeiro suposto, especialmente ó que respecta á salvagarda da confidencialidade, poderá acarrear a suspensión temporal ou definitiva, segundo a Xefatura de Estudos, do Departamento de Orientación ou nas Reunións der Convivencia, no **Equipo de Mediadores**.

III. DIRECTRICES XERAIS PARA A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO EQUIPOS DE MEDIACIÓN:

A comezos de cada curso escolar procederase a convocatoria de alumnado que

voluntariamente queira formar parte do Equipo de mediación. Previamente procederase a divulgar polas diferentes aulas do centro, os contidos da mediación escolar, a través das titorías, da Dinamización de Convivencia e do Departamento de Orientación. En cada unha das aulas deixaranse 3 documentos: “Quero ser mediador/a?” de adhesión ao equipo de mediadores, un tríptico informativo sobre a mediación escolar e unha carta informativa ás familias.

En colaboración con outros Departamentos didácticos elaboraranse, ao longo do curso, diversos materiais para a difusión da figura da mediación escolar (deseño de pegatinas, trípticos...)

O alumnado voluntario asistirá a un proceso formativo, abertas tamén á participación do profesorado, das familias e do persoal non docente interesado. Estas sesións terán lugar polas tardes, en días a concretar, e das que se entregará previamente un programa de actividades. Ao remate da actividades aos asistentes se lles entregará un diploma acreditativo e ao alumnado ademais o carnet de mediador.

O Equipo de mediación estará coordinado por Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e a Dinamización de Convivencia.

IV. OBXECTIVOS DA MEDIACIÓN:

a.- prevenir a violencia escolar potenciando os equipos de mediación, como útil ferramenta de resolución pacífica de conflitos.

b.- impulsar a desaparición do maltrato entre iguais.

c.- aprender as habilidades e estratexias necesarias, para a resolución pacífica de conflitos.

d.- procurar un clima de paz e convivencia dentro da nosa comunidade educativa.

e.- impulsar o traballo cooperativo dentro da Comunidade escolar e do equipo de mediación.

f.- fomentar un clima socioafectivo positivo, entre os integrantes do equipo de mediación.

V. PRINCIPIOS DA MEDIACIÓN ESCOLAR:

a.- é voluntaria.

b.- a escoita activa é un elemento clave.

c.- é confidencial.

d.- é unha estratexia amistosa de resolución de conflitos.

e.- non hai gañadores nin perdedores.

f.- desenvólvese con honestidade e franqueza.

g.- nun clima de neutralidade.

h.- é un traballo en equipo e cooperativo.

VI. PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN:

Entre as fases a desenvolver no proceso de mediación, debemos salientar:

- En **Xefatura de Estudio** ofértase, ás partes en conflito, a **Mediación** como a estratexia voluntaria e pacífica de resolución do conflito, que será valorado como factor atenuante. Nos casos de acoso ou

de superioridade manifesta dun alumno/a sobre outro/a non se seguirá o protocolo.

- O **Departamento de Orientación e a Dinamización de Convivencia Escolar** asignarán os **mediadores en cada caso**. As persoas en conflito entregarán unha *Solicitud de Mediación* no Departamento de Orientación, que deberá ser asinada polo alumnado en conflito.

- **1ª FASE. PREMEDIACIÓN**: cada mediador, co fin de recabar información previa do conflito, reunirse por separado coas persoas en conflito. Non sempre é necesaria a premediación. Permitirá confirmar a disposición das partes para proseguir co proceso.

- **2ª FASE. MEDIACIÓN**: desenvolveranse nun espazo designado ao efecto, estando presentes os mediadores e os alumnos en conflito.

FASES DO PROCESO DE MEDIACIÓN	
PASOS	CONTIDOS
1- Presentación das regras do xogo	Os mediadores escomezarán coas presentacións personais e as normas da mediación.
2- Cóntame	Cada unha das partes explicará, por turnos, a súa versión do conflito e os seus sentimentos.
3- Clarexar o problema	Os mediadores tentarán identificar o conflito, analizando cada un dos elementos da disputa, dende ambos puntos de vista. Trátase de buscar unha “versión consensuada” do conflito.
4- Propoñer solucións	Mediante o “remuíño de ideas”, os mediadores axudarán ás partes, a atopar posibles vías de acordo.
5- Chegar ao acordo	Tras avaliar as diferentes propostas, e tendo en conta as súas ventaxes e dificultades, os mediadores procurarán achegar ás partes en conflito a un acordo final, que debe ser: equilibrado, realista, concreto, claro. Redactarase este por escrito, seguindo os modelos traballados no curso de formación, que deberá ser asinados polos alumnos/as en conflito e os mediadores.

Darase traslado do **acordo final** ao Departamento de Orientación, ó Dinamizador de Convivencia Escolar e a Xefatura de Estudos, e @s titor@s.

-**3ª FASE. SEGUIMIENTO**: cando as circunstancias así o requiran, os mediador@s farán un seguimento do conflito, co fin de verificar o grado de cumprimento dos acordos.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NA MEDIACIÓN ESCOLAR

TAREFA	Quen?	Cando?	OBSERVACIÓNS
0.- INICIO	- Xefatura de Estudos - As persoas en conflito - Departamento de Orientación -Dinamización de Convivencia.	Dende Xefatura de Estudos se propón, ás persoas en conflito, como recurso, á resolución de conflitos, a Mediación.	Dende Xefatura de Estudos ou tras acordo da Reunión semanal de Convivencia, entre a Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e Dinamización de Convivencia, se establece se un conflito é mediable ou non. En caso afirmativo, as persoas en conflito, recollerán en Xefatura de Estudos una Solicitud de mediación. Darase traslado do mesmo aos Titores/as.
1.- ELECCIÓN D@S MEDIADOR@S	- Departamento de Orientación - Dinamizador de Convivencia	- A Solicitud de mediación entrégase no Departamento de Orientación e á Dinamización de Convivencia.	Os alumnos en conflito asinarán a Solicitud de mediación, polo que o Equipo de mediación desenvolverá o proceso. Dita Solicitud quedará depositada no Departamento de Orientación. Os mediadores actuarán sempre en equipo, coordinados dende a Dinamización de Convivencia.
2.- PREMEDIACIÓN	- As persoas en conflito. - Alumnado Mediador.	Fase inicial do proceso de Mediación	O alumnado mediador reuniranse por separado cós persoas en conflito, o que suporá unha primeira toma de contacto.
3.- PROCESO DE MEDIACIÓN	- As persoas en conflito. - Alumnado Mediador.	Fases sucesivas do proceso de mediación.	O alumnado mediador reuniráse conxuntamente nas

			sesións que precisen, coas persoas en litixio, empregando as estratexias de mediación aprendidas.
4.- REMATE DAS FASES DE MEDIACIÓN	- As persoas en conflito. - Alumnado Mediador	Resolución favorable do proceso de mediación. Resolución desfavorable do proceso de mediación	As persoas en conflito e @s mediador@s asinan o acordo final. As persoas en conflito e os mediadores non foron capaces de acadar un acordo final.
5.- DERIVACIÓN DO PROCESO DE MEDIACIÓN	- Departamento de Orientación. - Dinamizador de Convivencia. -Xefatura de Estudos.	Cando as persoas en conflito e o alumnado mediador concluíron ó proceso de mediación.	Darase traslado do acordo ao Departamento de Orientación, a Dinamización de Convivencia, aos Titor@s e a Xefatura de Estudos. Asimesmo no caso de non acadar un acordo.
6.- SEGUIMIENTO PERIÓDICO	Alumnado mediador. - As persoas en conflito. - Departamento de Orientación. - Dinamizador de Convivencia.	Sempre que se estime necesario, ben pola debilidade do acordo ou por un posible incumprimento do mesmo, o alumnado mediador fará un seguimento do caso. Terase en conta a opinión do Departamento de Orientación e da Dinamización de Convivenci	En certos casos, cando as circunstancias así o consideren, @s alumn@s mediador@s farán un seguimento do conflito, co fin de verificar o grado de cumprimento dos acordos.

6.2- AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece no seu Artigo 25 que a vocación da aula de convivencia é “*substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible*”.

A continuación o Decreto establece os aspectos que o Plan de Convivencia debe incluír en

relación coa Aula de Convivencia e que son os seguintes xa desenrolados para o noso centro:

I.CRITERIOS E CONDICIÓNS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a Aula de convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa estancia nela.

Correspóndelle ao profesorado que remite a un alumno a esta aula establecer as tarefas que deba realizar, corrixilas e avalialas.

Todo alumno/a remitido á Aula de Convivencia debe presentarse previamente ante Xefatura de Estudos, Dirección ou outro membro do equipo directivo.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á Aula de Convivencia deberán ser informados cada vez que os seus fillos/as asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

Na Aula de Convivencia atenderáanse dous tipos de alumnos/as:

I.I- Alumnado que por problemas puntuais de conduta non pode permanecer na aula habitual e é apartado puntualmente (nesa sesión) dela.

- O profesor/a que envía ao alumno/a cubrirá unha **“Ficha de envío á Aula de convivencia”** onde se detallará o sucedido e sinalará as tarefas que debe realizar na aula.
- O profesor presente na Aula de Convivencia archivará a **“Ficha de envío á Aula de Convivencia”** e velará por que o alumno/a realice as tarefas encomendadas.
- Se o alumno/a se negara a realizar as tarefas ou o seu comportamento así o aconsellara o profesor pondrá inmediatamente o sucedido en coñecemento da Xefatura de Estudos , Dirección ou outro membro do equipo directivo presente.
- Toda a documentación xerada neste proceso gardarase na **“Carpeta Diaria”** onde será arquivada convenientemente.
- A reiteración de envíos a Aula de Convivencia será considerada Falta grave e terá a conveniente sanción.

I.II- Alumnado derivado a Aula de Convivencia como resultado dunha sanción disciplinaria:

Nestes casos a Aula de Convivencia e o lugar onde o alumnado que ten suspendido o dereito de asistencia ao Centro como consecuencia dun proceso disciplinario pode permanecer cumprindo a súa sanción cando a Dirección e a Xefatura de Estudos o valoren adecuado atendendo as súas circunstancias persoais e familiares.

- Durante a súa estancia na Aula este alumnado traballará nas materias que lle corresponda segundo o seu horario atendido polo profesorado correspondente de garda na Aula de Convivencia.
- Será misión do titor/a recabar entre todo o equipo docente as tarefas que debe realizar e misión do profesor de garda velar por que o alumno/a realice as tarefas.
- Os profesores de garda deberán coñecer a relación das tarefas a realizar. A tal efecto se tomarán as medidas organizativas oportunas que faciliten este coñecemento.
- Os periodos de lecer deste alumnado non serán coincidentes co do resto do alumnado. En concreto serán: 09:55 a 10:10 e 11:55 a 12:10.

II- PROFESORADO QUE ATENDERÁ EDUCATIVAMENTE A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

A Aula de Convivencia será atendida por profesorado dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro. A tal efecto a Xefatura de Estudos elaborará un horario de Gardas na Aula de Convivencia contando co profesorado de Garda (clases e recreos) e con outros profesores/as que decidan facer unha hora da súa permanencia atendendo a Aula de Convivencia (Xefes de Seminario, dinamizacións, atención pais, etc).

De non haber alumnos/as derivados a Aula de Convivencia o profesorado de garda asignado a dita aula colaborará nas gardas ordinarias. Debe polo tanto, estar localizable (na propia aula, sala de profesores, na aula dun profesor ausente, etc) no caso de que se produza un envío temporal.

III- PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ENCAMIÑADAS A FAVORECER UN PROCESO DE REFLEXIÓN POR PARTE DO ALUMNADO ATENDIDO NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

O Departamento de Orientación programará e dará a coñecer actuacións que favorezan entre o alumnado enviado a Aula de Convivencia actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. Estas actividades estarán recollidas no **Programa de Habilidades Sociais** para aquel alumnado que como consecuencia da imposición de medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas como indica a Lei: *“aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas”*.

IV- HORARIO, LOCALIZACIÓN, INSTALACIÓNS E MATERIAL DIDÁCTICO CON QUE CONTA A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA PARA O SEU FUNCIONAMENTO:

1-Localización: A Aula de convivencia inclusiva do IES Plurilingüe Rafel Dieste ocupa un espazo na planta baixa comprendido entre o local da ANPA e o local da Biblioteca.

2-Instalacións: Nela contamos con mesa para o profesor/a, ordenador para o profesor/a, estanterías, mesas e cadeiras para o alumnado. A decoración ou ambientación da aula fará referencia a valores relacionados coa convivencia.

3-Horario: Tentarase que a Aula de Convivencia permaneza aberta no mesmo horario que o resto das Aulas materia. Para aqueles alumnos/as que permanezan na aula durante xornadas completas o horario dos periodos de lecer será o seguinte: 09:55 a 10:10 e de 11:55 a 12:10.

4-Material didáctico:

Os diferentes departamentos son os responsables de dotar de materiais didácticos adecuados a Aula de Convivencia. O profesor que deriva a un alumno/a a Aula de Convivencia sempre debe facelo con unha tarefa concreta.

A Aula de Convivencia contará cunha pequena biblioteca de aula.

5- Documentación: *Na aula de Convivencia figurará a seguinte documentación:*

- a) horarios dos grupos e os seus equipos docentes*
- b) fotocopias das fichas e documentos a cubrir*
- d) rexistro de control de asistencia do alumnado*
- e) Programa de Habilidades Sociais.*

A Dirección do centro e, por delegación, a Xefatura de Estudos será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na Aula de Convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o información aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

6.3- PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, aborda por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de Convivencia.

DEFINICIÓN DE ACOSO

O fenómeno do bullying ou “acoso escolar” vén definido como “unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques” (Dan Olweus). Trátase, polo tanto, dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel de agresor ou acosador, en tanto que a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima ou acosada. Polo tanto, malia a alarma social creada por veces nos medios, non debe confundirse unha situación de acoso con pelexas puntuais ou con situacións nas que as dúas partes se atopan en situacións de igualdade.

CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

- **A existencia de intención de facer dano.**
 - Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
- **A repetición das condutas agresivas.**
 - A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.
 - Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.
 - É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.
- **A duración no tempo.**
 - Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.
 - Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

DEFINICIÓN DE CIBERACOSO

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Se comparamos isto con casos típicos de acoso escolar, apréciase que, por unha parte, o

ciberacoso non supón agresións físicas, pero, por outra, ten moito máis alcance tanto na difusión espacial coma na temporal, cunha continuidade que pode ser permanente e non limitada ao horario escolar.

CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DO CIBERACOSO

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

- A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados: teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs...

COMUNICACIÓN SOBRE UNHA POSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, **ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director/a**. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: aula de tutoría, comunicación verbal a un adulto, “caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro”(en caso de estar activa).
- Familia: atención de tutoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección, “caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro” (en caso de estar activa).
- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoal de administración e servizos: comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

A continuación, rexistrarase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar..

En calquera caso, o receptor ou receptora da información **sempre informará ao director ou directora** ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

A Consellería de Cultura, Educación e ordenación universitaria publicou en outubro do 2015 un “**Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso**”. A dirección do centro unha vez recibida unha comunicación de posible situación de acoso escolar ou ciberacoso **e tras unha primeira valoración, considerará a conveniencia de aplicar dito protocolo ou ben adoptar outras medidas correctoras da situación**. (Engádesse dito protocolo como anexo ao presente Plan de Convivencia **ANEXO IV**).

6.4- PROTOCOLO DE ABSENTISMO

A asistencia a clase é un dereito do alumnado e unha obriga a súa garantía por parte das nais, dos pais ou das persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, vinculado ao exercicio mesmo do dereito á educación.

Tal como establece o *artigo 22 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, absentismo é a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. **Para ser considerado absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.**

Cando un alumno da ESO menor de dezaseis anos chega a acumular unhas ausencias sen xustificar do 10% do horario lectivo mensual o seu titor/a activará as medidas recollidas no documento “**Protocolo de absentismo adaptado a realidade do IES Plurilingüe Rafael Dieste**” e que se incorpora o presente Plan de Convivencia como **ANEXO V**.

No resto dos casos, alumnado maior de dezaséis anos, aplicaranse as medidas recollidas no RRI do noso centro.

6.5- PROGRAMAS DE EDUCACIÓN EMOCIONAL E HABILIDADES SOCIAIS.

Atendendo ó artigo 19 da *Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, o departamento de orientación debe ter elaborado:

- Un Programa de Habilidades Sociais e material de reflexión dirixido ao alumno que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. (**ANEXO VI** por elaborar Orientación)
- Un programa de Habilidades Sociais para aquel alumnado que , como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. (**ANEXO VII** por elaborar Orientación)

6.6- PROTOCOLO DE ACOLLIDA DE NOVO PROFESORADO

O profesorado de nova incorporación así como o profesorado substituto que poida vir ao longo do curso será acollido segundo se recolle a continuación:

- 1.-Recepción e recorrido guiado por un membro do equipo directivo para coñecer as instalacións.
- 2.- Plano con distribución de aulas e espazos.
- 3.- Presentación ao seu Xefe/a de Seminario
- 4.- Información sobre normas xerais de funcionamento do centro.
- 5.- Cumplimentación de datos persoais e profesionais na secretaría do Centro.
- 6.- Horario.

Ao comenzo de curso farase unha xuntanza co profesorado novo para informarlle directamente do funcionamento do centro e solucionar as posibles dúbidas que poidan xurdir

6.7- PROTOCOLO DE ACOLLIDA DE NOVO ALUMNADO E FAMILIAS

Cando cheguen as datas de reserva de matrícula a dirección do centro cursará **invitación ás familias do alumnado dos centros adscritos** para acudir ao noso centro a unha reunión informativa sobre a oferta educativa do centro e as súas principais características. Esta reunión estará aberta a pais e nais interesados procedentes doutros centros educativos non adscritos.

Tamén serán invitados os posibles **novos alumnos e os seus profesores a coñecer o centro** en horario lectivo nunha visita na que serán recibidos polo equipo directivo e guiados por os espacios máis representativos do centro.

O día de comenzo das clases **celebraranse reunións de presentación por niveis** no salón de actos nas que os grupos coñecerán aos seus titores/as e serán recibidos por membros do equipo directivo antes de dirixirse ás aulas cos seus titores. Na reunión cos titores recibirán información de principio de curso (planos, circulares,etc...).

Unha vez realizada a avaliación inicial, realizaranse **reunións con todas as familias da ESO e de Bacharelato** no Salón de Actos. Serán presentados os titores/as ás familias e terán unha reunión nas respectivas aulas na que recibirán información directa do titor/a.

6.8- PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO EXTRANXEIRO E DE INCORPORACIÓN TARDÍA.

O mesmo día que os pais veñan a formalizar a matrícula informaráselles do funcionamento do centro. Se os pais non coñecen adecuadamente ningunha das linguas oficiais, esta información debería dárselle na súa propia lingua ou nun segundo idioma que si entendan.

- Horario do centro. Horario normal do alumno.
 - Material escolar necesario.
 - Normas de convivencia. Resumo do RRI.
 - Actividades que se realizan fóra do centro: saídas, visitas, saídas desde o área de E.F. etc.
- Pediráselles a pertinente autorización asinada, segundo o modelo de que dispoñemos no Centro.
- Explicación do proceso de xustificación das faltas de asistencia.
 - Lugares de entrada e saída do alumnado.

Avaliación inicial do alumno/a.

A.- Alumnos con **descoñecemento do idioma** (castelán e galego), a avaliación inicial será realizada por orientación que a tal efecto contará con probas elaboradas polos distintos departamentos de linguas (castelá, galego, francés, inglés...) dependendo do idioma ou dos idiomas que o alumno domine. As probas de avaliación inicial realizaranse sobre todo do nivel de competencia lingüística. No caso de dominar un idioma que non poida ser evaluado por ningún profesor do centro e o seu alfabeto sexa diferente ao noso levarase a cabo unha inmersión lingüística desde o seu inicio (alfabetización-nivel inicial).

Para os alumnos que necesiten apoio lingüístico organizaremos un curriculum cuxos obxectivos serían:

- **Adquisición dun vocabulario básico de relación e comunicación.**
- **Adquisición dun vocabulario específico de cada área.**
- **Adquisición de estruturas de conversación elementais, para facilitar a súa comunicación.**
- **Adquisición de estruturas de comprensión que faciliten o seguimento das distintas áreas.**

B.- Alumnos con desfase curricular. Aplicaráselle as probas de nivel de competencia curricular

que previamente serán elaboradas polos diferentes departamentos para os diferentes cursos académicos (1º - 4º ESO) e para as diferentes materias. As devanditas probas serán aplicadas polo Orientador. Así se determinará o seu nivel de competencia curricular e polo tanto o curso no que se deberá incorporar ao alumno. Os resultados desta avaliación indicaranos:

- curso no que se debe escolarizar ao alumno.
- medidas de atención á diversidade que se deben aplicar en cada caso.

6.9- CRITERIOS DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO CON GRAVES ALTERACIÓNS CONDUTUAIS

Para que un alumno/a sexa considerado com Necesidades Educativas Especiais asociadas a graves problemas de conduta deberá contar coa necesaria avaliación psicopedagóxica. Correspóndelle ao Departamento de Orientación do centro realizar a valoración, que poderá contar co Equipo de Orientación Específico da Coruña ou ben apoiarse nos diagnósticos realizados por servizos de pediatría, psicoloxía, psiquiatría ou servizos sociais externos ao centro.

O procedemento será o seguinte:

- Solicitudade razoada por parte do equipo de profesores, redactada polo profesorado tutor/a.
- Autorización da familia para a valoración psicopedagóxica.
- Informe do departamento de orientación (e/ou o equipo de orientación específico si se demandara a súa intervención por parte do Departamento de Orientación do centro).
- As conclusións e valoracións de interese pedagóxico consignadas no informe psicopedagóxico, faranse chegar á xefatura de estudos e á persoa titora, que valorarán reunir ó equipo docente para consensuar as pautas de actuación oportunas.
- Seguimento do proceso nas respectivas xuntas de avaliación ou sempre que a persoa titora o considere preciso.

7- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A Comisión de Convivencia é un órgano colexiado que se constitúe no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e vela pola correcta aplicación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia da cada centro.

As competencias do Consello Escolar en materia de convivencia son: establecer directrices para elaborar o plan, realizar anualmente o seu seguimento e avaliación e propor actuacións, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

COMPOSICIÓN: A Comisión de Convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no Consello Escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia nos centros educativos

corresponde ao director/a por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

REUNIÓNS: A Comisión manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

FUNCÍONS: A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado Plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a Comisión de Convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

8- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA DO CENTRO: FAMILIAS, CENTROS ADSCRITOS, CONCELLO, ETC.

O centro comprométese a axilizar o contacto coas familias a través da difusión da aplicación ABALARMÓBIL fomentando tamén o seu emprego polo profesorado para todo o relacionado coa información académica do alumnado.

Procurarase unha comunicación constante e proveitosa cos **centros adscritos** a través dos equipos directivos e do Departamento de Orientación.

Colaboración com entidades do contorno entre outras: Servicios Sociais do Concello de A

Coruña, Down Coruña, Unidade de Asesoramiento de Migraciones (UAMI), Secretariado Xitano, etc.

O centro colabora, dende o curso 2013-14, co Concello a través do programa POLICIA TITOR en casos graves de: absentismo, delitos informáticos, acoso con repercusión fora do IES, consumo e tráfico de sustancias prohibidas no centro e na súa contorna.

ANPA: O centro prestará o seu apoio a todas as actividades promovidas pola ANPA que redunden nunha mellora do clima de convivencia no centro sexan actividades extraescolares como actividades para a formación de pais/nais, escolas de pais, etc...

MUSE: Participación do centro no proxecto MUSE da Fundación Yehudi Menuhin e da Fundación Paideia. A finalidade do proxecto e o traballo desde as artes no ámbito escolar, como ferramenta que favorece a integración social, educativa e cultural do alumnado e as súas familias, mellorando con isto o rendemento na aula e o clima de convivencia en xeral.

Hora de atención a pais/nais: Ademais das correspondentes titorías todo o profesorado ten unha hora de atención a pais/nais dentro do seu horario lectivo.

O acceso de pais/nais ao equipo directivo será preferentemente mediante unha cita concertada salvo en casos urxentes.

9- DIFUSIÓN DO PLAN

O Plan de Convivencia debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan estar interesados. O equipo directivo levará a cabo actuacións para difundilo:

- No Consello Escolar.
- Nas titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da Xunta de delegados.
- ANPA do centro.
- Páxina WEB.

Os momentos clave para a difusión do Plan son:

- Ao inicio do curso: informarase da concreción anual do Plan de Convivencia para o curso.
- Ao longo do curso cando se dispoña de nova información, informarase dos avances, novos acordos ,etc...
- Ao fin do curso no resumo elaborado por Dinamización de convivencia, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.

Todos aqueles momentos formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se esta a facer ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...).

10- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

O presente Plan de Convivencia responde ao desexo e a necesidade de mellora e prevención dos problemas de convivencia que poden xurdir durante o curso. Para isto é necesario contar coa participación de toda a Comunidade Educativa.

O seguimento, coordinación e avaliación do Plan de Convivencia corresponde ao

Dinamizador/a de convivencia, a Comisión de convivencia e ao Equipo Directivo.

A persoa Dinamizadora de convivencia do centro de acordo coa Comisión de convivencia será a responsable de elaborar ao final de cada curso unha Memoria onde se recollan:

- Grao de cumprimento dos obxectivos do Plan.
- Actividades realizadas.
- Recursos utilizados.
- Formación relacionada coa convivencia.
- Asesoramentos e apoio técnico recibido (orientación, servizos externos,...)
- Resúmen das correccións impostas relativas a condutas conflitivas, tipoloxía e medidas aplicadas, acoso...
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao Plan.
- Valoración de resultados. Propostas de mellora/modificación para o curso seguinte.
- Dita Memoria será presentada ante o Consello Escolar ou Comisión de Convivencia e ante o Claustro.